

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

A. Veiga (2004): “A clase fonemática dos líquidos en galego”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 291-303.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

A CLASE FONEMÁTICA DOS LÍQUIDOS EN GALEGO

Alexandre Veiga

Facultade de Humanidades. Universidade de Santiago de Compostela

1. UNIDADES FONEMÁTICAS *LÍQUIDAS*. INTRODUCCIÓN

1.1. De acordo coa teoría dos trazos pertinentes tal como foi presentada por Jakobson & Halle (1956), por *líquidos* temos que entender aqueles elementos dun sistema fonolóxico na definición dos cales interveñen á vez os trazos +*consonántico* e +*vocálico*. Segundo a descrición, en termos de sustancia fónica, proporcionada por estes autores, estas unidades participan simultaneamente dos dous sinalados trazos, xa que as súas realizacións fonéticas asemade presentan un obstáculo e deixan paso libre ó aire na canle bucal, cos correspondentes efectos acústicos¹ (cfr. Jakobson & Halle, 1956: § 3.6.1)². Atopámonos, pois, perante unha peculiar clase fonemática, diferenciada tanto da dos *vocais* (que non presentan trazo consonántico) como da dos *consoantes* (que non presentan trazo vocálico)³.

¹ Citando textualmente a Quilis (1993: § 10.1), a propósito das unidades líquidas do español, “desde el punto de vista articulatorio, la cavidad bucal presenta una abertura global mayor que el resto de las consonantes, pero en algún lugar de esta cavidad se crea un obstáculo a la salida del aire [...] acústicamente, poseen rasgos vocálicos y consonánticos: como vocales, solamente tienen una fuente armónica; como consonantes, aparecen zonas de antirresonancia en su espectro”.

² Nas edicións españolas da obra de Jakobson & Halle (Madrid, Ciencia Nueva, 1967, e Madrid, Ayuso, 1973) produciuse no lugar citado un “salto de ollos” que, se ben resulta doadamente apreciable para un lector minimamente perspicaz, fai literalmente incompreensible o texto, pois atribúe ás unidades *consoantes* as características propias das *líquidas*.

³ E tamén, como é obvio, da clase das *ligaduras*, unidades fonemáticas que non presentan nin trazo vocálico nin trazo consonántico. Esta última clase é a de aparición menos frecuente nos sistemas fonolóxicos; de feito, nin o galego nin o español comúns coñecen fonemas desta clase, como tampouco o portugués nin o catalán (por quedarmos cos romances da Península), se ben no caso concreto do galego poderíamos considerar se a unidade fonemática realizada foneticamente no son da *gheada* debe incluírse, cando menos naquelas variedades onde consiste propiamente nunha aspiración farínxea, nesta particular clase, tal como diversos fonólogos propuxeron, por exemplo, para o *h* aspirado inglés (cfr., p. ex., Muljačić, 1969: § 19).

En termos de lingüística xeral, os fonemas líquidos constitúen normalmente conxuntos pequenos fronte ós fonemas consoantes. Linguas orientais, como o xaponés, chinés ou coreano, por exemplo, non coñecen máis ca un fonema líquido (cfr., p. ex., Alarcos Llorach, 1950: § 47); francés, italiano, inglés ou alemán, por írmonos achegando a linguas máis próximas a nós, presentan dous, cantidade de líquidos que Trubetzkoy (1939: 134) sinalou como maioritaria nas linguas do mundo; galego e español comúns ofrecen unha clase fonemática líquida máis rica en fonemas, que integra un total de catro, dous deles de realización vibrante, *ergo* interrupta, /r, r/, e outros dous de realización lateral, *ergo* continua, /l, ʎ/, se ben o fenómeno coñecido por *ieísmo* eliminou o fonema /ʎ/ en determinadas variedades dunha e outra linguas⁴.

1.2. Os fonemas líquidos repártense habitualmente en dous subconxuntos principais, segundo as súas realizacións fonéticas sexan vibrantes ou laterais⁵; a observación da realidade destes dous tipos de articulación permite comprobar neles a aparición simultánea de propiedades vocálicas e consonánticas (cfr. *supra* § 1.1). Pero a individualidade desta peculiar clase fonemática non se aprecia exclusivamente na resposta dobremente positiva deste tipo de unidades ás oposicións *consonántico / non consonántico* e *vocálico / non vocálico*: feitos distribucionais contribúen normalmente a deixar claro que as unidades líquidas constitúen un conxunto singular; non son poucas, por exemplo, as linguas nas que estas unidades poden aparecer non só na marxe silábica, senón tamén no núcleo; no caso concreto do galego (e o mesmo diremos dos demais iberorromances), as unidades líquidas son, fronte ó resto das que presentan trazo consonántico (fronte ós consoantes propiamente ditos), as únicas que poden aparecer na marxe silábica pre-nuclear precedidas doutra unidade consonántica (cfr., p. ex., *crego*, pero, **ctego*, **cnego*, **csego*, etc.) e, desde logo, as únicas que a fonotáctica hispana permite no segundo lugar da sílaba ante semiconsoante (cfr., p. ex., *patria*, pero **patpia*, **patnia*, **patsia*, *[ˈpatwja], etc., cfr. *infra* n. 22).

⁴ Na perspectiva da fonética histórica o ieísmo veu provocado por unha evolución deslateralizadora do son [ʎ], cun resultado palatal central que en español confluíu coas realizacións do fonema /j/, resultado que se mantén como maioritario en español peninsular, aínda que certas áreas hispanófonas, europeas ou americanas, presentan hoxe outras solucións (cfr. Penny, 1991: § 2.6.6, Quilis, 1993: § 10.3.5.1.1.3). Fonoloxicamente o resultado foi unha *desfonoloxización* –termo (fr. *déphologisation*) e concepto que debemos a Jakobson (1931)–, é dicir, a perda de funcionalidade nunha determinada etapa histórica dunha oposición previamente actuante. A referida desfonoloxización afectou á oposición entre o fonema desaparecido, /ʎ/, e aquel co que mantiña una relación de oposición directa no sistema, é dicir, /l/, no seo da subclase fonemática dos líquidos de realización lateral. A oposición desfonoloxizada, por tanto, foi /l-ʎ/, como moi correctamente postulou para o caso do galego Veiga Arias (1969: 228, 1976: § 5.7), e non /ʎ-j/, como é a opinión máis estendida entre os estudiosos do español. A desfonoloxización, evidentemente, produciuse no interior da clase fonemática dos líquidos que, perdendo un fonema, perdeu tamén unha oposición particular.

⁵ No seu momento (cfr. *infra* § 4.4) comprobaremos que, efectivamente, no caso do galego a primeira oposición que hai que sinalar na clase fonemática dos líquidos é a que diferencia funcionalmente /r, r/ fronte a /l, ʎ/.

2.1. Pasando xa á observación das oposicións de que participan as unidades fonemáticas da clase líquida do galego, a comprobación da funcionalidade dos dous trazos sinalados como característicos das mesmas na teoría xeral que aceptamos como punto de partida esixe a paralela aceptación dun modelo interpretativo da estrutura da sílaba no que sons consoantes, líquidos e semiconsonánticos ou semivocálicos poidan resultar conmutables en igualdade de posición silábica. Aceptando a validez de conmutacións como *louco* / *pouco* ou *alga* / *auga*, a primeira manifesta a opositividade do trazo *vocálico*, presente na realización fonética [l] e ausente en [p], mentres que a segunda evidencia a do trazo *consonántico*, presente en [l], pero ausente en [w]⁶. Non é ociosa nin obvia esta comprobación, pois só a conmutación pode demostra-la pertinencia dos trazos fonolóxicos e, de non resultaren conmutables unidades que respondan de xeito contrario ás oposicións \pm *consonántico* e \pm *vocálico*, non resultaría defendible unha interpretación do sistema fonolóxico que integrase estas oposicións⁷.

2.2. Se tódolos fonemas líquidos galegos comparten de entrada os dous sinalados trazos pertinentes que os caracterizan como membros da clase fonemática líquida, analizando o extremo contrario na escala da pertinencia, isto é, indo directamente na busca de trazos redundantes, observamos que existen, cando menos, dúas propiedades fonéticas que, por seren comúns ás realizacións alofónicas dos catro, pero non exclusivas das destes fonemas, xogan un papel redundante por canto nin poden sustentar ningunha oposición fonolóxica que actúe no interior desta clase fonemática nin poden constituír base común ningunha que, no hipotético caso de que non quedase clara a funcionalidade de *+consonántico* e *+vocálico*, puidera adscribirse a un trazo fonolóxico que caracterizase este cuádruple conxunto fronte ó resto das clases fonemáticas do sistema. Estas dúas propiedades fonéticas son a oralidade e a sonoridade.

Efectivamente, tódalas realizacións fonéticas líquidas posibles en galego, xa sexan vibrantes, xa laterais, artículanse co veo do padal elevado –o que produce sons orais– e con vibración das cordas vocais –o que produce sons sonoros–. Non é, pois, posible ningunha conmutación de segmentos fónicos líquidos de tal xeito que un sexa oral e outro nasal ou ben un sonoro e outro xordo, xa que en galego non son posibles en ningunha situación distribucional sons líquidos nasais ou xordos⁸. Estes dous trazos fonéti-

⁶ Consideramos que as articulacións semiconsonánticas constitúen realizacións non nucleares de arquifonemas vocálicos. Neste punto estamos suficientemente de acordo con Veiga Arias (1968: 283-4, 1976: § 4.3, 1978: § 13, 1984: § 1).

⁷ Veiga Arias (1968: 282-3, 1976: §§. 4.1-2) fixo fincapé na necesaria verificación dunha relación de oposición paradigmática entre fonemas vocálicos e consonánticos para probar que uns e outros, así definidos fonológicamente, constitúen un único sistema e non dous.

⁸ No caso da fala marmuriada tódolos sons, xa sexan consoantes, vocais ou líquidos, artículanse sen facer vibra-las cordas vocais, isto é, artículanse xordos, pero a fala sen voz constitúe, obviamente, unha utilización anormal do código lingüístico.

cos, por outra parte, están presentes tamén en realizacións vocais e consoantes, polo que tampouco son exclusivos dos segmentos que constitúen realización de unidades fonemáticas líquidas.

3. CIRCUNSTANCIAS DE DISTINCIÓN MÁXIMA: OS FONEMAS LÍQUIDOS DO GALEGO

Se procurámo-la comprobación das oposicións pertinentes entre unidades desta clase, decatámonos rapidamente de que a posición inicial de sílaba tras vocal constitúe a situación distribucional en que é posible a funcionalidade de máis oposicións e, consecuentemente, a identificación dun maior número de unidades fonemáticas. Efectivamente, o cuádruple exemplo *caro / carro / calo / callo* ilustra a conmutatividade de catro unidades líquidas, /r, r, l, ʎ/ de tal xeito que a proba conmutatoria se poña en práctica sen alterar para nada posición nin contexto e obtendo cambios de signos parellos ós cambios no plano da expresión: estas conmutacións, pois, teñen resultado positivo e revelan a funcionalidade de tódalas oposicións pertinentes no seo do cuádruple conxunto fonemático /r, r, l, ʎ/. As probas de segmentación revelan que os sons [r, r, l, ʎ] non son subdivisibles en segmentos sucesivos menores que admitan conmutación independente, polo que se trata de realizacións de unidades fonolóxicas segmentais mínimas. Como sexa que, por outra parte, en ningún outro punto da cadea fónica é posible en galego a actuación de máis oposicións fonolóxicas entre unidades líquidas e que, por tanto, na estrutura do sistema non será posible atopar elementos que presenten unha caracterización fonolóxica máis concreta en canto a número de propiedades pertinentes cás cadeas de trazos definitórias das unidades segmentais mínimas /r, r, l, ʎ/, concluímos que se trata de catro unidades fonemáticas con matriz de trazos pechada na estrutura do sistema, de catro *fonemas*, polo tanto⁹.

4. A PRIMEIRA OPOSICIÓN NA CLASE FONEMÁTICA DOS LÍQUIDOS EN GALEGO

4.1. A delimitación dos catro fonemas é unicamente posible, repetimos, en inicio de sílaba cando precede vocal e, precisando máis, en circunstancias contextuais que non impidan o funcionamento dalgunha oposición¹⁰. En inicio absoluto, pola contra, a fonotáctica galega só admite a aparición de dous segmentos líquidos, o vibrante forte [r] e o

⁹ Lembrémo-la nosa concepción da distinción entre *fonemas* e *arquifonemas* como unidades definidas por matrices de trazos pechadas no primeiro caso e abertas no segundo (cfr. Veiga, 1993: § 3.3, 1994: § 2).

¹⁰ Ante semiconsoante agudo [j], por exemplo, non é posible a conmutación de [l] e [ʎ], xa que o segundo son nunca pode figurar precedendo ó referido elemento semiconsonántico (cfr., p. ex., *folio* fronte á imposibilidade de **follio*; neste contexto, pois, non é posible verifica-lo funcionamento da oposición /l-ʎ/.

lateral alveolar [l], mentres que o vibrante feble [r] e o lateral palatal [ʎ] non poden figurar¹¹: *rouco* [ˈrowko], *louco* [ˈlowko], pero *[ˈrowko], *[ˈʎowko]. Prodúcese aquí unha primeira diferenza sinalable entre os feitos do galego e os do español en canto a rendemento funcional das unidades líquidas: o castelán si coñece a oposición /l-ʎ/ nesta posición (p. ex. *loro* / *lloro*), non así o galego.

4.2. En posición final absoluta a situación é, desde o punto de vista fonolóxico, semellante, como veremos, á observable en inicio absoluto, inda que cunha diferenza desde o punto de vista fonético. Na marxe posnuclear da sílaba ante pausa tampouco é posible rexistrar máis ca dúas realizacións líquidas de sustancia fónica, unha vibrante e a outra lateral, pero nesta situación o son vibrante que aparece é normalmente o realizado frouxo, [r]¹², e non o tenso [r]: *mar* [ˈmar], *[ˈmar]. O son lateral rexistrable nas mesmas circunstancias distribucionais segue sendo o lateral alveolar [l]: *mal* [ˈmal].

4.3. As parellas *louco* / *rouco* e *mar* / *mal* ilustran, en dúas posicións diferentes, o mantemento dunha mesma oposición entre líquidos en circunstancias en que ningunha outra pode actuar. Esta oposición ofrece os seus dous termos manifestados nos sons [r]-[l] en inicio absoluto e nos sons [r]-[l] en final absoluto. A realización vibrante de [r, r], fronte á lateral de [l] non deixa dúbidas en canto a que se trata de dúas manifestacións diferentes da mesma oposición fonolóxica, pois os dous primeiros sons presentan un trazo fonético común que os caracteriza fronte ó terceiro. Non hai problemas para identificarmos esta oposición coa que no terreo da lingüística xeral é habitualmente presentada

¹¹ Considerando o galego patrimonial, a única excepción á intolerabilidade de [ʎ] en posición inicial de palabra é a constituída polas formas pronominais átonas *lle* e *lles* ([ʎe], [ʎes]), con frecuencia integrantes de contraccións con outros pronomes átonos, pero un elemento gramatical deste tipo non pode aparecer nunca iniciando un grupo fónico, pois, cando non é enclítico (p. ex.: “dixenllo”), é porque algún outro elemento gramatical que o precede no mesmo grupo fónico provoca a súa anteposición ó verbo (p. ex.: “xa llo dixen”, “non llo dixen”), polo que, en rigor, hai que falar de imposibilidade de [ʎ] en inicio de grupo fónico, ou, o que é o mesmo, tras pausa. Veiga Arias (1969: 226, 1976: § 5.4) falou de neutralización da oposición /l-ʎ/ “en posición inicial”, argumentando sobre a habitual enclise de *lle*, *lles* e as súas amalgamas. Fóra do galego patrimonial, os dicionarios recollen algún préstamo con [ʎ]- como o americanismo *llama*; a posible presenza desta voz, de difusión moi restrinxida, non impide postula-la afuncionalidade de /l-ʎ/ en posición inicial, aínda que a doada adaptación de termos deste tipo sen máis modificación fónica que a esixible en falas ieístas –onde xa de entrada non se pode presentar ningún problema referente á oposición /l-ʎ/, inexistente nelas– puidera ser argumento –moi feble, iso si– a favor de que, máis ca nunha neutralización, haxa que pensar en distribución defectiva de /ʎ/ inicial en galego.

¹² Se na fala corrente se rexistra algunha articulación con máis dunha vibración, trátase regularmente dun son que non chega a presenta-lo grao de tensión característico da realización do fonema /r/, polo que na transcripción fonética podemos mante-la representación [r] como correspondente a un son vibrante frouxo. En posición implosiva, con todo, a norma parece tolerar unha variación fonética maior se existen factores que alteren a pronuncia normal; razóns de énfase, por exemplo, poden facilita-la aparición dun son vibrante múltiple na sinalada posición, como ilustra o caso ben típico dos locutores deportivos cando emiten secuencias do tipo “¡dous goles a cero no marrcadorrrrrr!”, pero non debemos ver aquí tanto un caso de posible variación alofónica entre os sons [r, r] como unha manifestación concreta, entre moitas posibles, do alongamento de determinados sons na pronuncia enfática; sen irmos máis lonxe, os mesmos locutores deportivos prolongan igualmente [l] final: “¡gooooo!!!!”, obtendo un son longo [l:] alleo á norma fonética do galego (non é realización normal de ningunha unidade fonolóxica da lingua).

cos termos *interrupito / continuo*, xa que no caso das articulacións vibrantes o ápice da lingua produce unha ou máis interrupcións, por instantáneas que estas sexan, da saída do aire, mentres que as canles que as articulacións laterais deixan abertas ós dous lados da lingua permiten a saída continuada do aire espirado¹³ (cfr., p. ex., Martínez Celdrán, 1984: §§ 4.3.2.2.4-5, Quilis, 1993: §§ 10.3-4).

4.4. Considerando que, como acabamos de comprobar, a oposición *interrupito / continuo* mantén o seu poder distintivo en circunstancias en que ningunha outra oposición entre unidades fonemáticas líquidas é sinalable, resulta suficientemente claro que esta é a primeira oposición actuante na clase fonemática dos líquidos, oposición, pois, respecto da cal calquera fonema integrado nesta clase debe definirse antes de dar resposta a ningunha outra. Como sexa que no seo de cada un dos dous termos delimitados por esta oposición será posible o funcionamento dunha nova –pois xa sabemos que existen dous fonemas líquidos de realización vibrante, *ergo* interrupitos, /r/, r/, e dous de realización lateral, *ergo* continuos, /l, l̥/, concluímos que as unidades fonemáticas iniciais en *rouco*, *louco* e finais en *mar*, *mal* presentan matrices de trazos abertas na estrutura do sistema, pois existen outras unidades que presentarán os mesmos trazos ca elas máis algún outro. Atopámonos, pois, ante *arquifonemas*, tal como concibimos este concepto (cfr. *supra* n. 9), concretamente ante os *arquifonemas* que, de acordo con Veiga Arias (1969: 228ss, 1976: §§ 5.8ss), transcribiremos /R/ e /L/, definido cada un deles no sistema por medio dunha matriz de tres trazos, sendo os dous primeiros +*consonántico* e +*vocálico* (comúns, lembremos, a tódalas unidades fonemáticas líquidas) e o terceiro o resultante da correspondente resposta á oposición *interrupito / continuo*¹⁴.

4.5. En posición implosiva interior de grupo fónico, contrariamente ó que a norma condiciona tras pausa ou ante pausa, o *arquifonema* líquido continuo /L/ admite unha pluralidade, condicionada polo contexto –máis precisamente, pola zona de articulación do son seguinte cando este presenta certas características–, de realizacións fonéticas. En efecto, en galego, como en español, todo son lateral implosivo seguido doutro son con-

¹³ Que a oposición entre *vibrantes* e *laterais* é en realidade a actuación particular de *interrupito / continuo* na clase fonemática dos líquidos é unha afirmación, por outra parte, ben coñecida na historia da fonoloxía galega, pois xa Veiga Arias (1969: 230, 1976: § 5.11) defendeu esta postura, se ben este autor emprega habitualmente os termos *vibrante* e *lateral* para designa-los membros desta oposición. Para o español, cfr., p. ex., Alarcos Llorach (1950: § 107), Martínez Celdrán (1989: § 2.2.5.2) ou Quilis (1993: § 10.4.6). Desde a perspectiva da fonoloxía xeral, cfr., p. ex., Alarcos Llorach (1950: § 47), Jakobson, Fant & Halle (1952: § 2.311) ou Muljačić (1969: § 22).

¹⁴ Partindo dun conxunto de trazos fonolóxicos –non enteiramente coincidente co que nós defendemos– que inclúe *líquido* como denominación dun trazo pertinente polos motivos que o autor expón en (1969: 226, 1976: § 5.2), Veiga Arias (1969: 230, 1976: § 5.13) definiu os *arquifonemas* /R/ e /L/ como respectivamente *consonante*, *líquido*, *vibrante* e *consonante*, *líquido*, *lateral*. As unidades líquidas son concibidas polo citado autor, como se aprecia, como subconxunto das consoantes, actitude coincidente coa de Alarcos Llorach (1950: §§ 104ss) cara o consonantismo do español. En canto ó emprego dos termos *vibrante* e *lateral*, cfr. nota anterior.

sonántico (consoante ou líquido) asimila o seu punto de articulación ó deste, sempre que non se trate dun son de articulación labial ou velar, caso no cal a unidade lateral implorativa non altera a súa realización prototípica, é dicir, a rexistrable en situacións de independencia contextual, como ante pausa (sendo esta, como xa sabemos, a articulación apicoalveolar [l], cfr. *supra* § 4.2). Temos así realización lateral interdental [l⁺] en *calzón*, dental [l] en *caldo*, alveolar [l] en *bolsa* e máis ou menos palatal [l̠] en *colchón*¹⁵. Estas diferencias de localización son debidas exclusivamente ó contexto e, polo tanto, os distintos sons laterais aparecen en distribución complementaria, o que impide toda conmutación entre eles respectando a necesaria igualdade de circunstancias e corrobora que se trata de variantes combinatorias dunha e a mesma unidade fonemática, o arquifonema /L/. Fonoloxicamente, pois, en inicio absoluto, final absoluto e posición implorativa medial o rendemento das oposicións fonolóxicas na clase fonemática líquida é o mesmo no que se refire ós feitos do galego: só funciona a oposición *interrupto* / *continuo*, que determina a individualización dos arquifonemas /R-L/, non de máis unidades.

5. NEUTRALIZACIÓN DA OPOSICIÓN *INTERRUPTO* / *CONTINUO*. O ARQUIFONEMA LÍQUIDO

Pero a oposición *interrupto* / *continuo* na clase fonemática líquida non deixa, por outro lado, de resultar neutralizable en certas circunstancias, cando menos no que podemos considera-lo *sistema central* do galego, isto é, prescindindo de préstamos e cultismos que supoñan alteración fronte á normas comúns galega. En efecto, xa Veiga Arias (1969: 230, 1976: 5.11) interpretou as pronuncias tipo *prata*, *cravo*, *groria*¹⁶, como resultado da neutralización de *interrupto* (=vibrante) / *continuo* (=lateral) entre unidades líquidas. A aparición dunha realización vibrante (simple), isto é, interrupta, ocupando a segunda posición da marxe silábica prenuclear, situación esta onde o sistema fonolóxico central do galego coñece a mencionada neutralización, lévanos a identifica-lo trazo *continuo* como termo marcado da oposición, que, consecuentemente, formularemos como *continuo* / *non continuo*, abreviadamente \pm *continuo*, respondendo negativamente a ela, pois, calquera unidade líquida de realización interrupta¹⁷. Nas sinaladas circunstancias de neutraliza-

¹⁵ Se se trata dunha realización diferenciada do son palatal lateral [ʎ] (como admitimos inicialmente considerando que neste punto, cando menos na lingua común, non parece haber diferencias fonéticas sinalables respecto ó castelán) ou non, é algo que só observacións fonéticas cos medios técnicos axeitados poden aclarar con exactitude. Non temos noticias de que polo momento existan estudos sobre este aspecto concreto da fonética galega.

¹⁶ Sobre préstamos con grupo de consoante + lateral en galego e portugués, cfr., p. ex., Agard (1984: 2, §§ 10.3-4).

¹⁷ Xa Veiga Arias (1969: 230, 1976: § 5.11), considerando a coñecida clasificación das oposicións fonolóxicas proposta por Trubetzkoy (1939: 60ss), falou da oposición *vibrante* / *lateral* (cfr. *supra* n. 13) como oposición “bilateral privativa” na que é *lateral* o termo marcado por aparecer *vibrante* nos casos de neutralización.

ción, que afectan á primeira oposición entre unidades fonemáticas líquidas, non pode actuar ningunha oposición funcional no seo desta clase fonemática, polo que o son vibrante simple [r] é neste caso realización do arquifonema líquido total, unidade fonemática que propoñemos transcribir /R₂/¹⁸; así, por exemplo, a *prata* corresponden as representacións, respectivamente fonética e fonolóxica, [ˈprata] e /ʔpR₂ata/.

6. OUTRAS OPOSICIÓNS FUNCIONAIS NA CLASE FONEMÁTICA DOS LÍQUIDOS EN GALEGO

6.1. Voltando á situación de diferenciación máxima, isto é, á posición inicial de sílaba interior cando ningún elemento contextual exerza influencias neutralizantes, comprendemos que á xa identificada oposición \pm *continuo* se engaden aquí outras dúas oposicións funcionais: (a) unha que, actuando baixo o dominio do trazo +*continuo*, diferencia funcionalmente /l/ fronte a /ʎ/ e (b) outra que, actuando baixo o dominio do trazo -*continuo*, diferencia funcionalmente /r/ fronte a /r̄/.

As diferencias de sustancia fónica en que se realizan unha e outra oposición no plano fonético evidencian que non podemos pensar en dúas actuacións particulares dunha mesma oposición fonolóxica, senón que se trata de oposicións independentes. En efecto, mentres os fonemas /l/ e /ʎ/ atopan as súas respectivas manifestacións substanciais en sons diferenciados pola zona de articulación, alveolar [l] e palatal [ʎ] respectivamente, os fonemas /r/ e /r̄/ maniféstanse sempre en senllos sons [r, r̄] que precisamente comparten a localización alveolar, pero que se diferencian no grao de tensión articulatória, maior en [r̄], o que provoca a súa característica vibración múltiple, e menor en [r], son este realizado cunha vibración única da punta da lingua. No primeiro caso a base fonética da oposición fonolóxica está nunha diferenza de zona de articulación, á que corresponde en canto ás súas manifestacións acústicas unha distinción *difuso / denso*; no segundo a base fonética está exclusiva e indubidablemente na diferenza de tensión articulatória, resultando, por tanto, formulable de entrada como *frouxo / tenso*¹⁹.

6.2. A observación das realizacións fonéticas concretas presentes nas circunstancias onde as oposicións non funcionan debe proporcionarnos algunha información sobre o carácter marcado ou non marcado dun e outro termos das mesmas.

¹⁸ Veiga Arias (1969: 230, 1976; §§ 5.11, 5.13) empregou confusamente a mesma transcripción /R/ para representar tanto o arquifonema resultante da neutralización da oposición /r-r̄/ como o arquifonema líquido, resultante da neutralización conxunta das oposicións funcionais na clase /r-r-l-ʎ/. Reservaremos /R/ para o primeiro destes dous arquifonemas.

¹⁹ Comparable é a interpretación fonolóxica das paralelas oposicións /l-ʎ/ e /r-r̄/ en español, e nisto estamos de acordo con Alarcos Llorach (1950: §§ 107, 114). Discrepamos, pois, e polos motivos que expuxemos en Veiga (1995: n. 16), da proposta de Martínez Celdrán (1989: 93 e § 2.2.5.2), que considera tamén a tensión como soporte fonético diferencial na oposición /l-ʎ/, aínda cando esta proposta supón unha descrición innegablemente máis económica do subconxunto de fonemas líquidos do español.

No caso da oposición /l-ʎ/, é dicir, *difuso* / *denso* actuando na subclase fonemática dos líquidos continuos, non parece que poidan caber dúbidas respecto do carácter marcado do termo *denso*, pois nas posicións de neutralización, como xa puidemos observar anteriormente, está sempre ausente a realización palatal, acusticamente densa [ʎ], mentres, contrariamente, a realización alveolar, acusticamente difusa, [l] é a que aparece esixida pola norma naquelas circunstancias en que non existe posible influencia contextual, por exemplo, en posición inicial ou final absoluta: *louco*, *mal*, o que a converte na realización máis espontánea do correspondente arquifonema /L/. Concluimos, pois, que a oposición entre os dous fonemas líquidos continuos debe enunciarse *denso* / *non denso*, abreviadamente \pm *denso*.

No caso da oposición /r-r/, é dicir, *frouxo* / *tenso* actuando na subclase fonemática dos líquidos non continuos, a observación das realización fonéticas nas circunstancias de distinción non máxima non conduce inicialmente a resultados tan inequívocos. O son frouxo [r] é o que aparece normalmente realizado tanto en posición implosiva, final absoluta ou non (cfr. *mar* [ˈmar], *aberto* [aˈβerto]), como implosiva tras consoante tautosilábico (cfr. *frade* [ˈfraðe], mentres que o son tenso [r] aparece sistematicamente en posición inicial de sílaba, tanto tras pausa como tras son non vocal²⁰ (cfr. *rouco* [ˈrowko], *senrada* [senˈraða]). Que en caso de neutralización os sons representantes dos fonemas diferenciados pola oposición neutralizada poidan constituír realizacións distribucionalmente repartidas do arquifonema é algo que xa estaba contemplado na teoría fonolóxica clásica (cfr. Trubetzkoy, 1939: 74), polo que a presenza dunha ou outra variante segundo os casos non é un feito que invalide a priori que poidamos sinalar nuns e outros idéntica neutralización (cfr. *infra*). Ora ben, as circunstancias en que aparece o representante frouxo do arquifonema superan en número e frecuencia a aquelas en que aparece o representante tenso; este último, por outro lado, ofrece unha *marca natural* por esixir maior alonxamento dos órganos articulatorios respecto da posición de repouso –por mor da maior tensión– e, cando é realizado en circunstancias nas que se esperaría o representante frouxo, é debido a unha alteración da realización fonética normal (cfr. *supra* n. 12), razóns todas estas polas que estimamos defendible considerar *tenso* como termo marcado fronte a *frouxo* e, consecuentemente, enuncia-la oposición como *tenso* / *non tenso*, abreviadamente \pm *tenso*, o que supón, por outra parte, actuar conforme a unha tradición fonolóxica que, en xeral, veu sempre as unidades fonemáticas funcionalmente tensas como marcadas fronte ás funcionalmente frouxas.

6.3. Cabería, por suposto, considerar se en posición inicial de sílaba tras pausa ou son consonántico non se produce en realidade unha neutralización da oposición /r-r/, senón que hai que sinalar un caso de distribución defectiva do fonema /r/, co cal o son vibrante múltiple [r] será nestas circunstancias realización non dun arquifonema /R/, senón do

²⁰ O inicio de sílaba tras vocal constitúe, precisamente, a única situación distribucional onde funciona en galego a oposición /r-r/ (cfr. *caro* / *carro*).

propio fonema /r/. É certo que a condición marcada da tensión fronte a frouxidade parece constituír un atranco para aceptar neste caso concreto que se poida falar de neutralización e, por conseguinte, de arquifonema, pero, de feito, este e non outro é, ó noso modo de ver, o único argumento empregable en defensa da distribución defectiva. Agora ben, como xa sinalamos nalgunha outra ocasión respecto de paralelo problema na fonoloxía do español, postular distribución defectiva de /r/ en inicio de sílaba tras pausa ou son consonántico implica, evidentemente, postula-la aparición do fonema /r/ na sinalada distribución, pero defender que se trate efectivamente deste fonema esixe a comprobación da funcionalidade de todos e cada un dos seus trazos pertinentes e resulta obvio que precisamente a comprobación da funcionalidade do trazo *tenso* non se pode levar aquí a cabo desde o momento en que o seu opoñente *-frouxo*, ou, máis estrictamente, *non tenso* non pode aparecer nunca nas mesmas circunstancias. Non atopamos, pois, razóns inequívocas para invalida-la hipótese de que en *rouco* ou *senrada* se estea producindo neutralización da oposición /r - r/ exactamente coma en *mar*, *aberto* ou *frade*; admitimos, por tanto, que os dous sons que, en circunstancias de distinción máxima, representan cadanseu termo da oposición poden, en caso de neutralización, representar ámbolos dous o arquifonema, sendo factores distribucionais quen condicionan cal dos dous representantes debe aparecer segundo as circunstancias.

En calquera caso, debe quedar claro que a ausencia nunha determinada situación distribucional dunha determinada realización fonética que en posicións de distinción corresponda a un fonema da lingua non pode ser nunca interpretada sen máis como evidencia de distribución defectiva dese fonema en cuestión (cfr. os nosos razoamentos neste senso en Veiga, 1993: § 3.3, cfr. Martinet, 1968: § 2). Polos mesmos motivos antes mencionados, a ausencia forzosa do son lateral palatal [ʎ] en certas situacións (p. ex., en posición inicial ou final absoluta) non constitúe evidencia suficiente a favor de distribución defectiva do fonema /ke p/ resencia do fonema /l/, pois nunca sería posible proba-la pertinencia do trazo *-denso*, característico deste fonema, por iso mantemos que se trata de neutralizacións da oposición /l-ʎ/, coa conseguinte aparición do arquifonema /L/.

6.4. Respecto desta oposición entre os dous fonemas líquidos continuos, é interesante observar que a súa neutralización non sempre ten lugar en galego condicionada pola posición silábica, senón que nalgún caso o contexto, isto é, algunha unidade veciña, pode causar tamén neutralización da mesma. En concreto, ante semiconsoante anterior ou palatal, acusticamente agudo, [j], non é posible conmutar no plano fonético os sons [l, ʎ], por non ser tolerada pola fonotáctica galega a secuencia *[ʎj], cfr.: *foliada* [fo'ʎjaða], pero **folliada* [fo'ʎjaða] (como, en xeral, a fonotáctica galega exclúe calquera combinación de son palatal seguido de [j]), co cal neste contexto concreto non é posible proba-la funcionalidade da oposición /l-ʎ/ e unha vez máis sinalaremos, en consecuencia, a súa neutralización, co resultado do arquifonema /L/: *foliada* /fo'LIada/.

7.1. Queda, para rematar este estudio da clase fonemática líquida en galego, un feito enormemente chamativo, se ben non exclusivo desta lingua (rexístrase tamén, por exemplo, en español), como é a presenza dun son vibrante simple [r] nunhas circunstancias distribucionais en que non resulta conmutable con ningunha outra unidade fónica. Referímonos á posible aparición de [r] en posición prenuclear de sílaba tras certos sons consoantes e seguido de semiconsoante, o caso de, por exemplo, *patria* ou *adrio*. Efectivamente, a fonotáctica galega impide que ningún son diferente do vibrante simple poida figurar nestas circunstancias, o que nos sitúa fronte a toda unha serie de problemas referentes á imposibilidade de conmutación, problemas que, en xeral, xa foron tratados por Veiga Arias (1984: § 6).

7.2. En primeiro termo, a non conmutabilidade de [r] cando menos tras [t] ou [d ~ δ] podería ser un argumento a favor da interpretación monofonemática de grupos fónicos como *tr* ou *dr*, do mesmo xeito que a imposibilidade de conmutación do segmento oclusivo integrante do son africado [tʃ] é a proba do seu carácter funcionalmente unitario, isto é, monofonemático. Veiga Arias (1984: § 6) resolveu a cuestión considerando que os mesmos grupos poden figurar tamén en situacións distribucionais onde non é posible dubidar do seu difonematismo por resultaren independentemente conmutables os seus dous integrantes (cfr., p. ex., *-dro / -tro / -dio* en *vidro / litro / nidio*) e razoando que sería absurdo que un mesmo grupo fose monofonemático nun caso e difonemático noutro. A interpretación monofonemática destes grupos en exemplos como *patria* parece contraria ó sentimento lingüístico de calquera galegofalante; en calquera caso, cando un arquifonema forma parte dun grupo fónico é posible que a conmutación esgote as súas posibilidades antes de chegar ó establecemento das unidades mínimas (cfr. Veiga Arias, 1967: 420-1, 1976: § 2.17); comprenderemos esto mellor cando interpretemos cal pode se-lo arquifonema representado polo son vibrante simple no caso que agora nos ocupa.

7.3. Este é un segundo problema. A non conmutabilidade parece apuntar no senso de que en *patria* [r] sexa a manifestación fónica do resultado da neutralización de absolutamente tódalas oposicións do sistema, pois ningunha é verificable nestas circunstancias. Con todo, unha interpretación tan drástica non parece doadamente aceptable, pois non é moi atractiva a idea de que, estando neutralizado todo un conxunto de oposicións, a realización do arquifonema resultante presentase trazos correspondentes ós termos marcados de máis dunha delas e, como son líquido que é, [r] manifesta de entrada as características positivas *consonántico* e *vocálico*. Cremos máis ben que na segunda posición da sílaba, cando existen tres unidades prenucleares, pode producirse unha dobre distribución defectiva que elimine desa posición tanto os *vocais* como os *consoantes*, permitindo unicamente a aparición dunha unidade da clase dos líquidos. A favor

desta interpretación podemos argüí-lo feito de que a distribución defectiva afecta a clases fonemáticas enteiras en diferentes posicións silábicas; así, consoantes e líquidos están excluídos do núcleo da sílaba, do mesmo xeito que as unidades vocais están totalmente ausentes na marxe silábica non sendo en contacto directo co núcleo (nos ditongos e tritongos); non é en ningún destes casos admisible pensar en neutralización, pois esta afectaría nada menos que a oposición *vocálico / consonántico*, a fundamental do sistema fonolóxico, a primeira na orde xerárquica de actuacións²¹, e a súa neutralización só podería dar lugar ó arquifonema absoluto no que se neutralizasen tódalas demais oposicións, cousa que, obviamente, non sucede.

7.4. De acordo con esta interpretación, o son vibrante simple tras consoante tautosilábico e ante semiconsoante é realización do mesmo arquifonema líquido que máis arriba sinalamos na segunda posición da marxe silábica prenuclear de acordo co funcionamento do sistema fonolóxico central do galego, arquifonema que agora sabemos resultante da neutralización conxunta das oposicións *tenso / non tenso* (entre os dous fonemas de realización vibrante), *denso / non denso* (entre os dous de realización lateral) e *continuo / non continuo* (entre os arquifonemas vibrante e lateral). Trátase, pois, do arquifonema /R₂/, non conmutable cando segue semiconsoante –isto é, cando existen tres elementos na marxe silábica prenuclear²²– con ningunha outra unidade fonemática, pero pertinente pola súa mesma presenza desde o momento en que non é o mesmo *patrio ca patio*. Veiga Arias (1984: § 6) falou ante un caso así dun *arquifonema baldeiro*.

8. CONCLUSIÓN. AS SETE UNIDADES FONEMÁTICAS LÍQUIDAS DO GALEGO

Concluindo xa, trala análise que acabamos de efectuar no comportamento das oposicións definitórias das unidades fonemáticas integradas na clase fundamental dos líquidos no sistema fonolóxico galego, podemos afirmar que a referida clase aparece integrada por un total de sete unidades fonemáticas, catro fonemas e máis tres arquifonemas, definidos conforme as seguintes cadeas de trazos:

/t/: fonema +consonántico, +vocálico, -continuo, -tenso;

/r/: fonema +consonántico, +vocálico, -continuo, +tenso;

/l/: fonema +consonántico, +vocálico, +continuo, -denso;

²¹ Que en galego, como en tantas outras linguas, actúa desdobraada en dúas parellas antitéticas de trazos que funcionan como oposicións independentes, \pm *consonántico* e \pm *vocálico*. Se falamos aquí dunha oposición xeral *vocálico / consonántico* e basicamente por comodidade.

²² A fonotáctica do galego, coincidindo neste punto coa do español, só admite unha secuencia trifonemática antes do vocal núcleo de sílaba se as realizacións fonéticas correspondentes ós tres elementos prenucleares son, forzosamente nesta orde, *consoante + líquido + semiconsoante*.

- /k/: fonema +consonántico, +vocálico, +continuo, +denso;
 /R/: arquifonema +consonántico, +vocálico, -continuo;
 /L/: arquifonema +consonántico, +vocálico, +continuo;
 /R₂/: arquifonema +consonántico, +vocálico.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Agard, F. B. (1984): *A Course in Romance Linguistics. Volume 2: A Diachronic View*, Washington, Georgetown University Press, 1984.
- Alarcos Llorach, E. (1950): *Fonología Española*, Madrid, Gredos, 1976⁴.
- Jakobson, R. (1931): “Principes de phonologie historique”, *Travaux du Cercle Linguistique de Prague*, 4 (1931), 247-67, reimpr. en *Selected Writings*, 1, The Hague, Mouton, 1971², 202-20.
- Jakobson, R. & M Halle (1956): *Fundamentals of Language. 1. Phonology and Phonetics*, The Hague, Mouton, 1956, tr. esp. de C. Piera: *Fundamentos del lenguaje*, Madrid, Ayuso, 1973².
- Martínez Celdrán, E. (1984): *Fonética (con especial referencia a la lengua castellana)*, Barcelona, Teide, 1984.
- (1989): *Fonología general y española*, Barcelona, Teide, 1989.
- Martinet, A. (1968): “Neutralisation et syncrétisme”, *La Linguistique*, 1968/1, 1-20, reimpr. en *Studies in Functional Syntax*, München, Wilhelm Fink, 1975, cap. 5, tr. esp. de E. Diamante: *Estudios de sintaxis funcional*, Madrid, Gredos, 1978.
- Muljačić, Z. (1969): *Fonologia generale e fonologia della lingua italiana*, Bologna, Il Mulino, 1989, tr. esp. de E. Feliu: *Fonología general. Revisión crítica de las nuevas corrientes fonológicas*, Barcelona, Laia, 1974.
- Penny, R. (1991): *A History of the Spanish Language*, Cambridge, Cambridge Univ. Press, 1991, tr. esp. de J. I. Pérez Pascual & M. E. Pérez Pascual, Barcelona, Ariel, 1993.
- Quilis, A. (1993): *Tratado de fonología y fonética españolas*, Madrid, Gredos, 1993.
- Trubetzkoy, N. S. (1939): *Grundzüge der Phonologie*, Göttingen, Vandenhoeck & Ruprecht, 1958², tr. esp. de D. García Giordano: *Principios de fonología*, Madrid, Cincel, 1976².
- Veiga, A. (1993): “En torno a los fenómenos fonológicos neutralización y distribución defectiva”, *Verba*, 20 (1993), 113-40.
- (1994): “Marca, neutralización e relacións xerárquicas no subsistema vocálico galego”, *Verba*, 21 (1994), 67-84.
- (1995): “Los fonemas de realización nasal en español”, *Moenia*, 1 (1995), 345-66.
- Veiga Arias, A. (1967): “Fonología gallega. Fonemática: Un grupo fónico monofonemático”, *Grial*, 18 (1967), 405-21.
- (1968): “Fonología gallega. Fonemática: El sistema consonántico, I”, *Grial*, 21 (1968), 282-7.
- (1969) “Fonología gallega. Fonemática: El sistema consonántico, II. Oposiciones entre consonantes”, *Grial*, 24 (1969), 225-30.
- (1976): *Fonología Gallega. Fonemática*, Valencia, Bello, 1976.
- (1978): “Cuestiones fonológicas”, *Estudios ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach (con motivo de sus XXV años de docencia en la Universidad de Oviedo)*, 2, Oviedo, Universidad de Oviedo, 1978, 257-80.
- (1984): “Dominancia y redundancia en fonología”, *Verba*, 11 (1984), 39-63.